



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2022/S004/000001

RESOLUCIÓN

EXPEDIENTE: [2022/S004/000001](#). Listaxe de admitidos para cubrir as prazas vacantes no curso 2022/2023 da EIM Raíña Lupa

ANTECEDENTES:

Segundo o Regulamento de Réxime Interno da Escola Infantil Raíña Lupa de Boqueixón, no seu artigo 3, punto 10, recolle que “As solicitudes presentadas con posterioridade serán baremadas nos últimos 7 días hábiles do mes de agosto, para a adxudicación a comisión de baremación, seguimento e control, aplicará o mesmo criterio que na anterior convocatoria, agás neste caso a comisión terá en conta a data de nacemento dos/as neno/a nados despois do mes de marzo, terán preferencia os que cumbran antes os tres meses.

As vacantes que se vaian producindo ao longo do curso serán cubertas por rigorosa orde de puntuación entre os/as solicitantes da listaxe de agarda, a persoa que se lle adxudique segundo a súa situación na listaxe de agarda, deberá formalizar a matrícula nun prazo de 5 días desde a recepción da notificación. As prazas que, sen causa xustificada, non se atopan cubertas aos 15 días de iniciarse o curso escolar, consideraranse como vacantes.”

26/04/2022. Elevouse a definitiva a listaxe provisional de admitidos na EIM Raíña Lupa.

02/06/2022. Resolución das prazas vacantes da EIM Raíña Lupa de Boqueixón para o curso 2022/2023 (catorce prazas).

Con posterioridade tiveron entrada as seguintes solicitudes:

- Barreiro Varela, Artai
- Fernández Casalta, Mía
- Giadás Uzal, Candela
- Giadás Uzal, Leire
- Méndez Nande, Julia
- Senín Balo, Eric
- Soneira Rodríguez, Nora
- Vieites Perol, Gabriela

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS, ECONÓMICAS E XURÍDICAS

Regulamento de Réxime Interno da Escola Infantil Raíña Lupa de Boqueixón (BOP n.º 221 do 21 de novembro de 2017).

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. Admitir as solicitudes presentadas para o vindeiro curso 2022/2023 na EIM Raíña Lupa.

- | | |
|---------------------------|-----------|
| - Barreiro Varela, Artai | 21 puntos |
| - Fernández Casalta, Mía | 23 puntos |
| - Giadás Uzal, Candela | 24 puntos |
| - Giadás Uzal, Leire | 24 puntos |
| - Méndez Nande, Julia | 19 puntos |
| - Senín Balo, Eric | 18 puntos |
| - Soneira Rodríguez, Nora | 24 puntos |
| - Veites Perol, Gabriela | 20 puntos |

SEGUNDO. No prazo de 15 días naturais a partir da publicación desta resolución, os pais dos admitidos deberán presentar no rexistro xeral deste concello en horario de 9:00 a 14:00 horas ou ben a través da sede electrónica, a seguinte documentación:

- ANEXO IV Aceptación da matrícula. (É obrigatorio anexar este formulario cumprimentado e asinado)
- Copia da tarxeta sanitaria da/o menor
- Certificado médico da/o menor
- Carné de vacinación actualizado

Unha vez formalizada a matrícula asinarase o contrato de prestación de servizos e aportaranse catro fotografías tamaño carné.

TERCEIRO. Se finalizado o período de formalización da matrícula, esta non fose formalizada ou entregada toda a documentación sinalada no apartado anterior decaerá o dereito á praza obtida e tampouco quedará en lista de agarda.

CUARTO. As prazas vacantes (sete prazas) serán cubertas por rigorosa orde de puntuación entre os/as solicitantes da listaxe de agarda.

QUINTO. Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da casa do concello e na EIM Raíña Lupa de Boqueixón e na páxina web www.boqueixon.es, para o coñecemento dos interesados.

Na publicación farase constar que esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía no prazo de 1 mes contado dende o día seguinte ó da súa notificación, segundo dispoñen o artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e o artigo 52.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Tamén poderá interpoñer contra esta resolución un recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ó da súa notificación, segundo dispón o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

En todo caso poderá utilizar calquera outro recurso que estime oportuno.



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2022/S004/000001

SEXTO. Dar conta desta resolución ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Boqueixón, na data da sinatura dixital

Manuel Fernández Munín, alcalde-presidente

Dalmiro Núñez Méndez, secretario-interventor

FIRMADO POR Manuel Fernández Munín (FECHA: 29/08/2022 11:51:00)

Dalmiro Núñez Méndez

(FECHA: 29/08/2022 09:53:00)

FIRMADO POR Manuel Fernández Munín (FECHA: 29/08/2022 09:53:00) , Dalmiro Núñez Méndez (FECHA: 29/08/2022 09:53:00)

Decreto Nº: 503/2022 - Fecha de decreto: 29/08/2022
Versión imprimible

CVD: BTuhv2jpbGivJ9HVihiZH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.